Tiro de graza á memoria da represión

Sen apoio ningún por parte da Xunta, o proxecto "Nomes e Voces", a máis importante investigación desenvolvida en Galiza sobre as vítimas da represión fascista, morrerá neste mes de novembro.

Belén Puñal
Imaxes: Proxecto Nomes e voces



(Esquerda) Gonzalo Becerra e o seu irmán Manuel Antonio

(Abaixo) Fotografía dun cadáver sen identificar xunto á documentación dunha causa militar

Elsa Omil tras ser rapada pola Falanxe de Marín

Se nada o remedia, o proxecto "Nomes e voces", que desde 2006 vén recollendo de forma pioneira en todo o estado os nomes e a memoria das vítimas da represión fascista en Galiza, desaparecerá. O proxecto, que nacera dun convenio entre a Consellaría de Cultura e as tres universidades galegas en época do goberno bipartito, deixou de ter apoio da Xunta en 2011. En novembro deste ano rematarán os recursos que de momento lle permiten vivir. Atrás quedarán seis anos dun esforzo de sistematización sen precedentes en que se compilaron case 20.000 nomes de represaliad@s galeg@s e foron consultadas máis de 400.000 páxinas de expedientes militares para recuperar deles o horror ceibado tras o golpe de estado daquel verán negro de 1936.

"Non se fixera antes en ningún sitio do goberno español", asegura o historiador que o coordina, Lourenzo Fernández Prieto. O proxecto fixo, naquel ano 2006 proclamado na Galiza Ano da Memoria mesmo antes de que se fixese no esta[illegible] unha aposta política sen precedente[illegible] apoio institucional, explica Fernán[illegible] Prieto, permitiu non só contar cos [illegible] cursos suficientes para investigar se[illegible] nón que, ademais, axudou a que as vítimas perdesen o medo a falar.

O proxecto axuda a descorrer, con datos na man recollidos de maneira sistemática e referidos a todo o país, o prexuízo da Galiza submisa. Fronte á idea de que a represión afectou fundamentalmente ás clases populares, a investigación amosa que, ademais das capas labr[illegible] gas, obreiras e mariñeiras, un terzo [illegible] vítimas formaban parte das elites p[illegible] cas e sociais. Foron altos cargos milit[illegible] alcaldes, presidentes e vicepresidentes das deputacións... e non os mataron tanto polas súas ideas, que tamén, como, segundo indica Fernández Prieto, polo poder que tiñan. Porque, era preciso aniquilar as persoas que representaban o poder democrático, e sementar o terror para paralizar unha poboación en que os golpistas, ben lonxe do que se quixo facer crer, non contaban co apoio social maioritario. Contrariamente á imaxe que o réxime construíu, en Galiza a democracia contaba cunha enorme forza, incide o historiador Lourenzo Fernández Prieto.

Para desvelar con datos sistemáticos a impostura, foron estabelecidos desde o comezo tres obxectivos: a elaboración dunha listaxe cos nomes das persoas represaliadas, que hoxe en día chega xa aos 18.000, a creación dun fondo de gravacións que recollese os testemuños das vítimas ou de familiares directos e a configuración dun mapa da memoria, coas coordenadas determinadas polos lugares da represión.

Non foi sinxelo. Os nomes das vítimas –quixéronse rescatar tanto aquelas persoas galegas represaliadas en Galiza e noutros puntos do estado como as non galegas que tiveron Galiza como lugar de padecemento– foron recuperados por medio dun rigoroso traballo en que se revisaron máis de 2.600 expedientes militares e se visitaron 310 rexistros civís de defunción nos concellos. Non sen resistencias. Para acceder aos datos dalgúns concellos, como no caso de Vigo e de Pontevedra, mesmo foi precisa unha entrevista previa co presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E imposíbel foi até o de agora o acceso aos rexistros parroquiais.

UN ARQUIVO SONORO ÚNICO

Cun total de 476 entrevistas, o proxecto "Nomes e voces" recolle hoxe por hoxe o arquivo sonoro sobre o conflito bélico español máis importante de todo o estado e, quizais –apunta un dos investigadores do proxecto, Gustavo Hervella– do mundo. Nel podemos atopar voces como as de Antonio Areonosa, que relata, con xa máis de cen anos ás costas, como espertou entre cadáveres na Praza do Sol de Vigo, tras ser lido o bando de guerra e comezar o tiroteo indiscriminado contra a multitude.

As testemuñas foron así mesmo fonte valiosa para a recuperación de nomes e datos dos cales non quedara rexistro en ningures a non ser na memoria oral, como o caso das mulleres violadas e rapadas, as persoas torturadas con métodos como inxerir de aceite de ricino ou aqueloutras que acabaron morrendo nas súas casas como consecuencia dos maltratos na cadea.

Deste contacto próximo coas vítimas xurdiu un valioso arquivo documental, do cal forman parte fotos, cartas e material diverso; máis de 20.000 imaxes do patrimonio das vítimas foron escaneadas polo proxecto. Entre elas, os números completos do xornal anarquista Solidaridad Obrera, do cal só se crían conservados algúns exemplares no Instituto de Historia Social de Amsterdam até que se descubriu a colección que a nai e a filla de José Villaverde gardaban durante anos nunha vella maleta. Ou o diario que Gonzalo Becerra, agochado na casa familiar desde o ano 36 até o fin da ditadura, foi escribindo no seu longo encerro.

O proxecto sonda, así mesmo, os [illegible] que foron escenarios de morte e re[illegible] esión na Galiza. A súa páxina web [illegible] on a disposición do público os ma[illegible] s elaborados ao longo destes anos [illegible] alizando as foxas, os cemiterios, as [illegible] bias e, en definitiva, todos aqueles [illegible] gares de prisión e morte onde se en[illegible] ntran as vítimas da represión militar [illegible] aramilitar.

[illegible] que queda por facer

[illegible] Os datos recollidos rematan no ano [illegible] A falta de financiamento autonómi[illegible] que descendeu de 180.000 euros en [illegible] 9 a 30.000 en 2010 e a cero na ac[illegible] idade) non permitirá continuar. Que[illegible] endente a investigación sistemática da represión ao longo da ditadura, como tamén a incorporación da totalidade do material recollido á páxina web, que nin sequera se poderá manter sen financiamento público. O inmenso volume de material recollido e escaneado, hoxe en día accesíbel a través dela, é xa patrimonio de toda a cidadanía e calquera goberno, independentemente da súa cor, incide Lourenzo Fernández Prieto, ten a responsabilidade de mantelo.

Quedaría así truncado un proxecto hoxe en día referente, como amosa a súa presenza en diversos congresos internacionais da área, como os celebrados en Boston ou en Amsterdam, ou en investigacións similares que están a se desenvolver noutras partes da península, tal e o caso de Euskadi e Navarra, e mesmo en países como El Salvador ou Túnez, que tamén queren recuperar a historia da represión sufrida nas súas carnes.